



A Coruña, a 14 de marzo de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA Nº1 TEMP 2022-23.**

**Equipos participantes: C.W. Coruña Rías Altas- C.W. Pontevedra.**

**Competición: Campionato Galego Waterpolo Xuvenil Masculino**

**Data de celebración: 25/02/2023.**

**FEITOS**

- O día 1 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

*"No minuto 2:18 do primeiro período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador local nº11, D. H. González Amor (nº lic. 1194031) por protestar dende o banco local exclamando "Gilipollas!" en dirección ós árbitros.*

*Ao rematar o encontro, achégase aos colexiados a desculpase pola súa conduta."*

- O día 1 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción grave do art. 6. I.1.a): "**insultos e ofensas a deportistas, xuíces, árbitros, técnicos, dirixentes e demais autoridades deportivas.**".
- As desculpas como atenuante de arrepentimento espontáneo do art. 11.a).

**RESOLVE**

- Sancionar a H. González Amor con número de licenza 1194031 xogador do C.W.C. Rías Altas cat. Xuvenil Masculina con catro encontros de suspensión (art. 9.II.a).
- Normativa General de Waterpolo Temporada 2022-2023 Circular 22-40 :  
5.2.3 "*La suspensión se aplicará en cualquier partido que se juegue a continuación según esté en el calendario, debiendo cumplirse en la categoría en la que se produjo la sanción (excepto en el caso de sanción grave o cambio de categoría, que deberá cumplir a la sanción en su totalidad)*".
- 3.3.9 "*Si un jugador es sancionado en el Campeonato Juvenil, esté deberá cumplir sanción en el siguiente partido que le toque, si se da el caso de ser de categoría juvenil cumplirá en 1ª o 2ª División, en caso de ser de categoría inferior (cadete hacia abajo), cumplirá sanción en el siguiente partido de su categoría por edad*".

Por lo tanto, dado que a sanción é por infracción grave esta debe cumprirse na súa totalidade e sendo xuvenil cumprirase en Categoría de 1ª o 2ª División.

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN